



Procedemento: CT207A. Subvencións para a produción e coprodución de proxectos audiovisuais galegos, e se convocan para o ano 2026.

Asunto: Nomeamento da Comisión de Valoración.

ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

1. Con data 28 de xaneiro de 2026 no Diario Oficial de Galicia, nº 18, publícase a Resolución do 16 de decembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión das subvencións para a produción e coprodución de proxectos audiovisuais galegos, e se convocan para o ano 2026 (código de procedemento CT207A).

2. O artigo 16 desta convocatoria recolle que para a avaliación das solicitudes presentadas constituirase unha Comisión de Valoración.

A Comisión de Valoración será nomeada polo director da Agadic e estará formada por:

- Dúas persoas profesionais de recoñecido prestixio no mundo cultural e/ou audiovisual, entre os que se designará o seu/a presidente/a.
- Unha persoa en representación da Televisión de Galicia proposta polo director da Corporación de Radio Televisión de Galicia.
- Unha persoa técnica pertencente ao cadro de persoal da Agadic.

A secretaría da comisión será exercida por unha persoa designada pola Dirección da Agadic, pertencente ao cadro de persoal da Agadic, con voz e sen voto.

A mesma base recolle tamén que *"a condición de persoa membro da Comisión ten carácter persoal e non pode actuar por delegación nin ser substituído en ningún caso"*.





CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Segundo o artigo 2 do Decreto 150/2012, de 12 de xullo, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galegas das Industrias Culturais, correspóndelle á Dirección, como órgano executivo da Axencia, a súa dirección e xestión ordinaria.
2. No artigo 21 dos devanditos Estatutos, establécese que a Dirección ten entre as súas atribucións "instruír os procedementos sancionadores e os procedementos de concesión de axudas e subvencións".
3. No artigo 16 das bases reguladoras establécese que a Comisión de Valoración será nomeada pola Dirección da Agadic.

En base ao exposto

RESOLVO:

Nomear a Comisión de Valoración deste procedemento de subvencións, coa seguinte composición:

- Presidente: David Varela Álvarez
- Vogal: Gemma Laura Vidal Villasur
- Vogal: Montserrat Besada Vergara, a proposta da CRTVG
- Vogal: Jaime Pena Pérez, pertencente á plantilla da Agadic
- Secretaria : M^a Dolores Meijomín Rodríguez, pertencente á plantilla da Agadic

En Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

Jacobo Sutil Nesta

Director

Axencia Galega das Industrias Culturais

